Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 2 de maio de 2024
(Mixta: Delegación mc_5+6 PNC).)

[PLG/MCPP]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **2 de maio de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López (P)
(Presidenta)
María Encarnación Amigo Díaz (P)
(Vicepresidenta -en funcións-)
Iria Carreira Pazos (BNG)
(Secretaria)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Raquel Arias Rodríguez
Patricia García González
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de Roberto Rodríguez Martínez)
José Alberto Pazos Couñago
Raúl Santamaría González
Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Silvia Longueira Castro
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo
Outros intervenientes:
Paloma Castro Rey (S)
Patricia Iglesias Rey (S)
Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)
María del Carmen Rodríguez Dacosta (S)
Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión:

Punto 1. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia conforme o establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

A señora presidenta pregunta aos membros da Comisión se están de acordo en aprobar a precitada delegación, nos termos establecidos no apartado 1 do acordo interpretativo aprobado pola Resolución da Mesa do 11 de abril de 1986.

Non se manifesta ningunha obxección nin oposición, polo que a devandita delegación enténdese **aprobada** por **asentimento.**

A continuación, éntrase no desenvolvemento do punto segundo da orde do día:

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 430 (12/PNC-000011)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis
Sobre a reclamación que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que convoque unha reunión do Consello Territorial de Servizos Sociais co obxectivo de analizar o Proxecto de lei de familias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á señora Arias Rodríguez (P), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego a demandar do Goberno do Estado para reclamar unha convocatoria de reunión do Consello Territorial de Servizos Sociais co obxectivo de analizar o Proxecto de lei de familias.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra as señoras: Longueira Castro (S) e Fernández González (BNG); ambas intervenientes deixan constancia das súas argumentacións co pronunciamento do seu rexeitamento da voceira do G.P. dos Socialista de Galicia e a abstención de voto do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (o voceiro do G.P. Mixto, Armando Ojea Bouza, non fixo uso da súa rolda de posicionamento).

Na rolda de puntualizacións a señora Arias Rodríguez (P) comenta as argumentacións das anteriores intervenientes e reitérase na defensa da súa proposta (No decurso da súa

PARLAMENTO DE GALICIA

intervención a señora presidenta abandona o seu lugar da Mesa da Comisión, de conformidade co establecido no artigo 82 do Regulamento da Cámara) e ocupa o seu lugar a señora Amigo Díaz (P), como presidenta -en funcións-).

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

2.2 553 (12/PNC-000037)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e 8 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da modernización do rexistro das cooperativas e das entidades sociais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentaron dúas emendas de adición polos GG.PP. dos Socialistas de Galicia (doc. 2819) e do Bloque Nacionalista Galego (doc. 2820) e, deseguido, concédelle a palabra á señora Pérez López (P), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa que insta o Goberno galego á modernización do rexistro de cooperativas e de entidades sociais.

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes interveñen as señoras: Longueira Castro (S) e Rodil Fernández (BNG); ambas intervenientes defenden e formulan as súas respectivas emendas, que consideran que con súa aceptación melloran o texto resolutivo da proposta formulada.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante, intervén o señor Ojea Bouzo (M), quen deixa constancia das súas argumentacións verbo da proposta formulada e anuncia o apoio do seu grupo ao texto resolutivo proposto (No decurso da súa intervención a señora Amigo Díaz (P) abandona o seu lugar da Mesa da Comisión e ocupa o seu lugar a señora Arias Rodríguez).

Na rolda de puntualizacións a señora Pérez López (P) comenta as argumentacións expostas polas anteriores intervenientes e comunica que non acepta as emendas presentadas.

A continuación, pásase ao debate da terceira iniciativa:

2.3 1311 (12/PNC-000147)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as medidas que debe impulsar o Goberno galego para mellorar a dotación do Centro de Saúde da Fonsagrada tanto no aspecto profesional como material
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia, logo de comunicar que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de substitución polo G.P. Popular de Galicia, doc. núm. 2828, concédelle a palabra á señora Rodil Fernández (BNG), quen procede á formulación e defensa da iniciativa que insta o Goberno galego a mellorar a dotación do Centro de Saúde da Fonsagrada.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Amigo Díaz (P) en defensa da emenda de substitución presentada polo seu grupo ao texto resolutivo da proposta formulada.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, o señor Ojea Bouzo (M) non fai uso da súa rolda e intervén a señora Espinosa Mangana (S), quen amosa o apoio do seu grupo á proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións a señora Rodil Fernández (BNG) expón diferentes consideracións a respecto das manifestacións expostas pola voceira do grupo maioritario e insiste na defensa da súa proposta, ao tempo que salienta e trasládalle por escrito aos demais grupos parlamentarios unha proposta de transacción para á súa valoración (No decurso da súa intervención a señora presidenta ocupa de novo o seu lugar na Mesa da Comisión, e incorpórase á sesión Paloma Castro Rey, do G.P. dos Socialistas de Galicia).

Seguidamente, pásase ao debate da cuarta iniciativa:

2.4 **1433 (12/PNC-000166)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e 2 máis
Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe executar destinadas a solucionar os problemas derivados da ampliación da vía de acceso ao Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A señora presidenta, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha autoemenda de adición, doc. núm. 2816, e seguidamente, concédelle a palabra á señora Castro Rey (S), quen formula e defende esta iniciativa que insta o Goberno galego sobre as accións que debe levar a cabo para solucionar os problemas derivados da ampliación da vía de acceso ao Hospital Gran Montecelo (Pontevedra) (No decurso da súa intervención a señora secretaria, Iria Carreira Pazos, abandona o seu lugar da Mesa da Comisión, de conformidade co establecido no artigo 82 do Regulamento da Cámara).

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, o señor Ojea Bouzo (M) non fai uso da súa rolda e intervén, en primeiro lugar, a señora Prado Cores (BNG), quen amosa o apoio do seu grupo á proposta formulada; en segundo lugar, intervén a señora Hermelo Piñeiro (P), quen expón diferentes consideracións a respecto da proposta

formulada e explica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar a precitada proposta.

Na rolda de puntualizacións, a señora Castro Rey (S) expón diferentes consideracións a respecto das manifestacións expresadas pola voceira do grupo maioritario e insiste na defensa da súa iniciativa.

A seguir, pásase ao debate da quinta iniciativa:

2.5 **1692 (12/PNC-000201)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a capacidade de atención do Servizo de Oncoloxía Médica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago - CHUS
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra á señora Carreira Pazos (BNG), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego sobre as medidas que debe tomar para mellora do Servizo de Oncoloxía Médica do CHUS *(No decurso da súa intervención incorpórase á sesión Patricia Iglesias Rey (S), ao tempo que se ausenta da sesión a súa compañeira, Paloma Castro Rey).*

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixa a súa posición, fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Iglesias Rey (S) e a señora Amigo Díaz (P); ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable dos grupos da oposición, mentres que a voceira do grupo maioritario explica os motivos do seu rexeitamento. [No decurso da intervención da voceira do G.P. Popular de Galicia , incorpóranse á sesión as deputadas: Mª Carmen Rodríguez Dacosta (S) e Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)]

A continuación, pásase ao debate da sexta iniciativa:

2.6 **1960 (12/PNC-000242)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que recupere a cobertura pediátrica do Centro de Saúde da Ponte, en Ourense, existente antes da pandemia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 16f2, do 24.04.2024

A Presidencia, concédelle a palabra á señora Rodríguez Dacosta (S), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego a que garanta a calidade asistencial do Centro de Saúde da Ponte (Ourense).

PARLAMENTO DE GALICIA

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento, fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), a señora Presas Bergantiños (BNG) e o señor Pazos Couñago (P); ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto e anuncia o seu apoio o voceiro do G.P. Mixto e a voceira do G.P. do BNG, mentres que o voceiro do G.P. Popular de Galicia explica os motivos do seu rexeitamento.

Na rolda de puntualizacións, a señora Rodríguez Dacosta (S) agradece o apoio amosado polos grupos da oposición, ao tempo que expón diferentes consideracións a respecto da posición do grupo maioritario.

Ao esgotarse o debate das iniciativas, a Presidencia sométeas a votación pola orde na que figuran na convocatoria e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa, **doc. núm. 430 (12/PNC-000011)**, **do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións por:

. votos a favor..... 9 (G.P. P)
. votos en contra ..... 2 G.P. S)
. abstencións..... 6 (GG.PP. M+BNG)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno central a convocatoria dunha reunión presencial do Consello Territorial de Servizos Sociais para analizar o impacto da Lei de familias, tendo en conta que non se contou coas achegas das comunidades autónomas, invade competencias autonómicas, discrimina as familias numerosas e carga o custo da súa aplicación ás administracións autonómicas.»

2) Iniciativa, **doc. núm. 553 (12/PNC-000037), do G.P. Popular de Galicia;** sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións por:

. votos a favor..... 10 (GG.PP. M+P)
. votos en contra 0
. abstencións..... 7 (GG.PP. S+BNG)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia á modernización do Rexistro de cooperativas e de entidades sociais.»

3) Iniciativa, **doc. núm. 1311 (12/PNC-000147), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego;** Non acadada transacción, sométese a votación a PNC orixinaria e resulta **rexeitada** por:

PARLAMENTO DE GALICIA

. votos a favor..... 7 (GG.PP. S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 1 (G.P. M))

4) Iniciativa, **doc. núm. 1433 (12/PNC-000166), do G.P. dos Socialistas de Galicia**; sométese a votación, coa incorporación da autoemenda de adición, doc. núm. 2816, e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor..... 7 (GG.PP. S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 1 (G.P. M))

5) Iniciativa, **doc. núm. 1692 (12/PNC-000201), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego;** sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor..... 8 (GG.PP. M+S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 0

6) Iniciativa, **doc. núm. 1960 (12/PNC-000242), do G.P. dos Socialistas de Galicia;** sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor..... 8 (GG.PP. M+S+BNG)
. votos en contra ..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 0

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos a súa colaboración nesta sesión da Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 14:15 horas.

V. e p.

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.05.27 09:09:25 +02'00'

Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2024.05.24 14:56:26 +02'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión